

5

RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

5.1.- Capital humano

5.2.- Investigación e tecnoloxía

5.1

Capital humano

Unha primeira aproximación xeral á situación da evolución do capital humano en Galicia pode facerse a partir de dous indicadores deste ámbito recollidos na Estratexia Europa 2020: a porcentaxe de poboación entre 30 e 34 anos que acadou un nivel de educación superior e o abandono educativo temperá. Neste senso, os datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte indican que no ano 2015 un 45,8% de poboación galega nesa franxa de idade ten dito nivel de estudos (40,9% no Estado), situándose esta porcentaxe por riba do obxectivo do 40% para o ano 2020. No caso das mulleres, esta porcentaxe se sitúa por riba da media española, co 53,1% en Galicia fronte ao 47,1% estatal, ao igual que para os homes, onde a porcentaxe en Galicia é do 38,6% fronte ao 34,8% de media no Estado.


Por outra banda, o abandono educativo temperá, definido como a porcentaxe da poboación cunha idade entre os 18 e os 24 anos que non finalizou a segunda etapa de educación secundaria e non segue ningún

tipo de estudo, sitúase no ano 2015 no 17% (11,9% entre as mulleres e 21,9% nos homes). Esta porcentaxe é tres puntos porcentuais inferior á media española (20%) e a sitúa moi lonxe da media europea, 10,9%.

Comparado co resto das Comunidades Autónomas, **cadro 5.1.1.**, os datos de Eurostat permiten afirmar que no período 2008-15 Galicia é a Comunidade Autónoma con menor redución da taxa de abandono educativo temperá. Por outra banda, Galicia é a quinta Comunidade Autónoma coa porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos con estudos de educación superior terminados máis elevada.

O orzamento consolidado inicial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2015 mantense practicamente estable, ascendendo ata os 2.148,7 millóns de euros, case 600.000 euros máis que os referidos no orzamento inicial do exercicio anterior. Os tres programas máis importantes por volume de crédito son os de educación infantil, primaria e

Abandono educativo temperá e poboación con estudos universitarios nas CC.AA. 2008-15



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

5.1.1.

ESO (422A), enseñanza secundaria e formación profesional (422M) e enseñanza universitaria (422C). En conxunto, estes tres programas absorben máis do 80% do total do orzamento inicial da Consellería.

Atendendo á evolución dos distintos programas nos dous últimos anos, o **cadro 5.1.2.** mostra o programa Enseñanza secundaria e Formación Profesional é o que presenta o maior crecemento, seguido polo de Enseñanzas artísticas (422E). Por contra, os que presentan as maiores reducións son os de Educación infantil, primaria e ESO e o de Enseñanzas universitarias.

Tras o establecemento do currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 105/2014, de 4 setembro) no ano 2015 publícase o Decreto 86/2015, de 25 de xuño, que define o currículo da educación secundaria obrigatoria (ESO) e do bacharelato. Entre as disposicións recollidas neste Decreto cómpre mencionar as seguintes:

- A etapa de educación secundaria obrigatoria abrangue dous ciclos, o primeiro con tres cursos escolares, e o segundo ciclo ou cuarto curso, cun carácter fundamentalmente propedéutico, é dicir, preparatorio

Orzamento consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2014-15: distribución dos créditos segundo programas e capítulos

	2014	2015									
	Total	Total	I	II	Capítulos				VI	VII	IX
					III	IV	V	VIII			
(en miles de euros)											
Total	2.148.099	2.148.691	1.258.843	211.367	73	558.377	31.304	87.147	1.580		
151A Fomento da lingua galega	7.079	6.741	1.706	129	-	2.037	2.378	491	-		
421A Dirección e servizos xerais de educación	23.885	23.862	22.257	1.337	-	-	68	-	-		
422A Educación infantil, primaria e ESO	745.077	732.689	500.029	12.193	-	212.751	7.716	-	-		
422C Ensinanzas universitarias	327.558	322.748	-	188	72	287.094	-	33.814	1.580		
422D Educación especial	33.066	33.758	22.011	715	-	10.982	50	-	-		
422E Ensinanzas artísticas	27.737	33.255	31.340	1.760	-	25	130	-	-		
422G Ensinanzas especiais	14.024	15.476	14.596	830	-	-	50	-	-		
422H Outras ensinanzas	340	344	-	310	-	-	34	-	-		
422I Formación e perfeccionamento do profesorado	1.375	1.379	-	406	-	-	973	-	-		
422M Ensinanza secundaria e Formación Profesional	658.984	670.981	611.714	36.864	-	13.537	8.866	-	-		
423A Servizos e axudas complementarias da ensinanza	182.528	183.454	15.468	151.644	-	3.661	1.452	11.229	-		
423B Prevención do abandono escolar	17.361	17.248	16.394	-	-	-	854	-	-		
431A Dirección e servizos xerais de cultura	14.870	12.027	3.146	2.026	-	4.553	139	2.163	-		
432A Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	13.956	14.361	7.658	1.721	-	990	3.019	973	-		
432B Fomento das actividades culturais	16.408	17.191	2.041	1.218	1	3.070	2.569	8.292	-		
432C Fomento do audiovisual	560	520	369	26	-	-	125	-	-		
433A Protección e promoción do patrimonio histórico, art.e cult.	15.321	13.683	10.114	-	-	133	2.881	555	-		
561B Investigación universitaria	47.970	49.174	-	-	-	19.544	-	29.630	-		

Fonte: Consellería de Facenda, Orzamentos

5.1.2.

para o estudo dunha disciplina. O bacharelato estrutúrase en dous cursos académicos, desenvolvéndose en modalidades diferentes (Ciencias, Humanidades e ciencias sociais e Artes) e organizándose de modo flexible, coa finalidade de que poida ofrecer unha preparación especializada.

- A nova configuración curricular establece o agrupamento de materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

- O Decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, que se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, e propón novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación.

- As competencias clave do currículo son: Comunicación lingüística; competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; competencia dixital; aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; sentido de iniciativa e espírito emprendedor; e conciencia e expresións culturais.

- Establécese dun xeito efectivo unha maior autonomía dos centros docentes, aumentando a súa capacidade de decisión na definición do currículo.

- Ao finalizar o cuarto curso da ESO e o bacharelato, os estudantes realizarán unha avaliación final individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos fixados en cada unha das etapas e o grao de adquisición de competencias.

- No concernente ao calendario de implantación das modificacións recollidas neste decreto, introduciránse no curso 2015-16 para primeiro e terceiro da ESO e para primeiro de bacharelato, e no curso 2016-17 no caso de segundo e cuarto da ESO e segundo de bacharelato. As avaliacións finais da ESO e bacharelato realizaranse no ano 2017.

Ensinanzas non universitarias de réxime xeral

As ensinanzas non universitarias de réxime xeral abranguen a educación infantil, a educación primaria e secundaria obrigatoria, o

Centros docentes en funcionamento 2014-16 (1): distribución segundo as ensinanzas que imparten

	Curso 2014-15			Curso 2015-16		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
Total	1.432	1.136	296	1.419	1.120	299
Educación infantil	151	134	17	147	128	19
Educación infantil e primaria (2)	644	622	22	636	613	23
Educación primaria e ESO (3)	172	69	103	169	68	101
ESO	40	36	4	37	34	3
ESO e ensinanzas postobrigatorias	213	205	8	215	207	8
Educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias (3)	66	-	66	67	-	67
Ensinanzas postobrigatorias	107	53	54	112	54	58
Adultos (4)	3	2	1	2	2	-
Educación especial	36	15	21	34	14	20

(1) datos provisionais; soamente se inclúen os centros docentes en funcionamento que imparten ensinanzas de réxime xeral

(2) inclúense os centros que imparten soamente educación primaria

(3) inclúense os centros que, ademais das ensinanzas específicas, imparten o 2º ciclo de educación infantil

(4) inclúense os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.3.

Profesorado nos centros de ensino non universitario 2014-16 (1): distribución segundo ensino impartido e titularidade do centro

	Curso 2014-15				Curso 2015-16			
	Total	Centros Públicos	Centros Privados		Total	Centros Públicos	Centros Privados	
			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
Profesores	38.019	30.234	5.312	2.473	37.991	30.204	5.333	2.454

(1) os datos do curso 2014-15 son provisionais; os do curso 2015-16 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.4.

bacharelato, os ciclos formativos ordinarios (Formación Profesional inicial), os programas de cualificación profesional inicial, a educación especial e as ensinanzas de adultos.

Os datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reflicten que no curso 2015-16 redúcese lixeiramente o número de centros en funcionamento en Galicia ata os 1.419 centros, 13 menos que no curso anterior, dos que 1.120 son públicos e 299 privados. Como amosa o **cadro 5.1.3.**, ao igual que no curso anterior descende o número de centros públicos en funcionamento (16 menos) e aumenta o de centros privados (3 máis).

Segundo os datos proporcionados polo IGE,

dos 937 centros públicos de educación infantil, educación infantil e primaria e de educación primaria e ESO que existían en Galicia no ano 2008, no ano 2016 quedan en funcionamento 809, o que supón a desaparición de 128 centros públicos (13,7% menos). No sinalado período, Lugo é a provincia que presenta a maior perda en termos relativos cunha redución de case o 17% dos seus centros públicos (21 menos), sendo A Coruña a que máis centros perde con 61 centros públicos menos (16,3% menos).

No que atinxe ao profesorado nos centros de réxime xeral, no curso 2015-16 hai en Galicia un total de 37.991 profesores (**cadro 5.1.4.**), cifra semellante ao curso anterior. No último curso case o 80% do profesorado

Alumnado matriculado 2014-2016 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino e titularidade do centro

	Curso 2014-15				Curso 2015-16			
	Total	Centros Públicos	Centros Privados		Total	Centros Públicos	Centros Privados	
			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
Total	389.080				391.333			
Réxime xeral	361.101	262.234	85.586	13.281	361.993	263.664	85.119	13.082
Bacharelato ordinario	30.658	25.824	-	4.834	30.722	26.000	-	4.722
Ciclos formativos ordinarios	36.294	29.295	4.609	2.390	39.137	31.628	4.953	2.556
Educación infantil	65.465	45.839	18.282	1.344	64.350	45.175	17.920	1.255
Educación primaria	135.602	94.956	37.910	2.736	136.779	96.167	37.932	2.680
ESO	88.655	62.294	24.494	1.867	89.184	63.001	24.314	1.869
Programas de cualificación profesional inicial / Programas de garantía social	4.427	4.026	291	110	1.821	1.693	-	-
Réxime de adultos	27.979				29.340			
Nivel I, Nivel II, Ed.Sec.Adultos (Nivel III)	6.928				7.496			
Oferta modular / Ciclos formativos	13.283				13.987			
Formación Profesional Dual	212				343			
Bacharelato	7.556				7.514			

(1) os datos do curso 2014-15 son provisionais; os do curso 2015-16 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.5.

exerce en centros de titularidade pública, en tanto que un 14% o fai nos centros concertados e un 6,5% nos centros privados non concertados. Comparado co curso 2010-11, cando se acadou o maior número de profesores da serie histórica publicada, a Comunidade Autónoma conta con 1.256 profesores menos (1.276 no caso dos centros públicos).

O Consello Escolar do Estado, no seu informe anual 2015 sobre o estado do sistema educativo, analiza a idade media do profesorado como factor substancial para a análise das necesidades do sistema, en concreto para dispoñer dun criterio obxectivo na definición das taxas de reposición necesarias. No conxunto do territorio estatal, no curso 2013-2014 (último dispoñible), o 7,3% do profesorado que impartía ensinanzas de réxime xeral tiña menos de 30 anos, o 30,1% tiñan idades comprendidas entre 30 e 39 anos, o 29,9% entre 40 e 50 anos, e finalmente, o 32,7% do profesorado tiña máis de 50 anos.


En Galicia o profesorado que ten máis de 50 anos supera o 40%, salientando que o 8% dos mestres ten máis de 60 anos (4,6% de

media en España) sendo do 7,5% no caso dos profesores da ESO (4,1%). Por contra, tan só o 7,2% dos mestres ten menos de 30 anos, a metade que no conxunto do Estado, porcentaxe que se reduce ao 1,2% no caso da ESO (4,6% en España).

No que atinxe ao número de alumnos, no último curso hai un total de 391.333 alumnos (361.993 no réxime xeral e 29.340 en réxime de adultos), o que supón un aumento de 2.253 alumnos, dos que 1.361 corresponden a alumnos do réxime de adultos e 892 son alumnos de ensinanzas de réxime xeral non universitarias. Neste senso, como amosa o **cadro 5.1.5.**, salienta o aumento no número de alumnos na oferta modular/ciclos formativos, con 2.843 máis que no curso anterior, e, de xeito contrario, a redución de máis de 1.100 alumnos na educación infantil.

Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, o **cadro 5.1.6.** reflicte o incremento continuado do número de alumnos matriculados nos centros públicos, en contraposición coa lixeira redución no número de profesores. Dende o curso 2008-09 o alum-

Alumnado e profesorado nas ensinanzas de réxime xeral 2008-2016 ⁽¹⁾: distribución segundo titularidade do centro



(1) os datos do curso 2011-12 son provisionais; os do curso 2012-13 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

● **5.1.6.**

Alumnado estranxeiro 2014-16 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino

	Curso 2014-15	Curso 2015-16
Réxime xeral	10.165	9.619
Bacharelato ordinario	603	627
Ciclos formativos ordinarios	1.139	1.212
Educación infantil	958	875
Educación primaria	3.913	3.611
ESO	3.381	3.294
Programas de cualificación profesional inicial/ Programas de garantía social	171	-
Réxime adultos	1.746	1.681

(1) os datos do curso 2014-15 son provisionais; os do curso 2015-16 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

● **5.1.7.**

nado en centros públicos medrou en case 17.500 persoas, mentres que o profesorado descende en 1.171 persoas.

Fronte á devandita medra no alumnado no curso 2014-15, o número de alumnos estranxeiros descende en 611 persoas (5,1%),

sendo esta caída de 546 alumnos no caso do réxime xeral (5,4%) e de 65 no do réxime de adultos (3,7%). Como indica o **cadro 5.1.7.**, o alumnado estranxeiro matriculado medra nos ciclos formativos ordinarios e no bacharelato ordinario, descendendo nas outras ramas do réxime xeral.

Alumnado matriculado en Formación Profesional nas CC.AA. 2015-16

	Total	Ciclos Formativos de FP Básica	Ciclos Formativos Grado Medio		Ciclos Formativos Grado Superior	
			Presencial	Distancia	Presencial	Distancia
Andalucía	128.984	8.633	62.713	683	51.863	5.092
Aragón	20.935	1.438	9.388	683	8.129	1.297
Asturias	17.134	447	6.731	1.356	7.227	1.373
Baleares	13.321	1.728	5.744	825	4.322	702
Canarias	41.224	2.045	14.759	5.077	14.215	5.128
Cantabria	11.918	450	4.850	1.056	4.538	1.024
Castela e León	40.963	2.502	18.056	1.834	16.654	1.917
Castela - A Mancha	36.231	2.827	15.669	1.333	13.668	2.734
Cataluña	120.935	-	56.496	2.521	55.418	6.500
C. Valenciana	90.227	5.418	43.188	77	40.800	744
Extremadura	18.148	1.426	7.851	486	6.940	1.445
Galicia	49.789	2.086	20.954	1.918	22.067	2.764
Madrid	79.748	5.254	33.618	1.364	37.463	2.049
Murcia	23.867	2.249	10.223	1.173	9.411	811
Navarra	8.179	497	3.594	244	3.555	289
País Vasco	37.462	2.294	13.894	294	20.529	451
Ríoxa	5.610	581	2.551	65	2.120	293
Ceuta e Melilla	3.913	593	1.416	308	1.324	272
Total	748.588	40.468	331.695	21.297	320.243	34.885

Fuente: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Datos y cifras del curso escolar*

5.1.8.

O equipamento de novas Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC's) que se atopan á disposición do profesorado e do alumnado é tamén un factor que incide na calidade da oferta educativa. No curso 2013-14 (último dato dispoñible) o número medio de alumnos por ordenador destinado preferentemente a docencia con alumnos ascende nos centros públicos de Galicia a 2,3 alumnos, sendo a media española de 2,7 alumnos. Comparado co resto das CC.AA. esta rateo sitúase tan só por riba de Extremadura, País Vasco, Baleares e Asturias.

No que atinxe á integración das TIC na práctica educativa, o número de centros participantes no proxecto Abalar ascende no curso 2015-16 a 531, dos que 429 son centros públicos e 102 centros privados concertados. O número de alumnos participantes ascende a 50.359, dos que 20.119 alumnos están en quinto e sexto de primaria e 30.240 en primeiro e segundo da ESO. Asemade, no último curso un total de 103 centros Abalar, que imparten 5º e 6º de educación primaria e/ou 1º curso da ESO, participan no proxecto de educación dixital E-DixGAL de uso de materiais curriculares


en formato dixital. Máis de 6.000 alumnos acceden a contidos educativos dixitais a través do equipamento e infraestrutura da rede Abalar.

Cómpre sinalar que a estratexia do proxecto Abalar xira arredor do concepto de centro educativo dixital. O seu obxectivo é dotar de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

Actualmente, a Formación Profesional (FP) comprende un conxunto de ciclos formativos de grao medio e de grao superior que teñen como finalidade preparar aos alumnos para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Os ciclos de grao medio formarían parte das ensinanzas de secundaria post-obrigatoria e os ciclos de grao superior, das ensinanzas superiores.

Segundo se reflicte no **cadro 5.1.8.**, en Ga-

Alumnado matriculado en ciclos formativos ordinarios 2008-2016 (1): distribución segundo titularidade do centro




(1) os datos do curso 2011-12 son provisionais; os do curso 2012-13 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.9.

Alumnado matriculado nos Programas de cualificación profesional inicial (PCPI) 2008-2015 (1): distribución segundo titularidade do centro



(1) os datos do curso 2014-15 son provisionais

(2) No curso 2014/15 só se impartiron PCPI de 2º curso e deixáranse de impartir en diante

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.10.

licia están matriculados un total de 49.789 alumnos en ensinanzas de Formación Profesional no curso 2015-16, o que supón o 6,7% do total estatal. Case o 50% deles están matriculados en ciclos formativos de grao superior fronte ao 46% nos ciclos de grao medio e o 4,2% restante na FP básica. Ao longo dos últimos seis anos o número de alumnos medrou de xeito continuado tanto nos centros públicos como privados.

No marco da Formación Profesional hai que destacar os proxectos de FP dual, onde a formación do ciclo formativo é compartida entre o centro educativo e a empresa, ben a través de contratos de formación e apren-

dizaxe ben por bolsa. No ano 2015 o número de convenios en vigor ascende a 38, dos que 13 foron asinados neste último ano. Como amosa o devandito cadro 5.1.5. o alumnado matriculado no curso 2015-16 na FP dual ascende a 343 alumnos (212 do curso anterior), dos que 186 cursan o grao superior e os restantes 157 grao medio.

Os denominados programas de cualificación profesional inicial (PCPI), que se comezaron a impartir no curso 2008-09 en substitución dos antigos Programas de Garantía Social, e que tiñan como finalidade previr o abandono escolar, son substituídos a partir do curso 2014-2015 pola Formación Profesional Bá-

Nivel de formación da poboación nas CC.AA. 2005-15 ⁽¹⁾

	Inferior a 2ª etapa E.Secundaria		2ª etapa E.Secundaria		E.Superior	
	2005	2015	2005	2015	2005	2015
	(%)					
Andalucía	59,4	51,4	17,6	20,2	23,0	28,3
Aragón	46,7	39,0	22,8	25,5	30,5	35,6
Asturias	49,8	36,7	20,4	23,6	29,8	39,6
Baleares	55,4	45,4	23,8	27,4	20,8	27,2
Canarias	54,0	49,3	21,5	24,1	24,5	26,6
Cantabria	46,9	37,6	22,5	24,3	30,6	38,1
Castela e León	52,0	42,5	19,4	22,7	28,6	34,7
Castela - A Mancha	62,5	50,5	16,7	22,0	20,8	27,5
Cataluña	48,7	41,2	21,2	21,2	30,0	37,5
C. Valenciana	53,0	43,7	20,9	23,8	26,1	32,5
Extremadura	65,6	56,5	14,0	17,0	20,5	26,5
Galicia	55,9	44,7	16,8	20,2	27,2	35,2
Madrid	38,7	28,5	24,2	24,6	37,1	46,9
Murcia	57,0	50,6	20,1	21,5	22,9	27,9
Navarra	43,1	34,8	19,9	22,9	37,0	42,3
País Vasco	40,0	30,1	19,1	22,2	40,8	47,8
Rioxa	47,7	37,0	22,4	23,8	29,9	39,3
Ceuta e Melilla	55,3	51,6	19,4	20,4	25,2	28,0
Total España	51,2	42,6	20,2	22,4	28,5	35,1
UE-28	30,6	23,5	46,9	46,5	22,5	30,1

(1) poboación entre 25 e 64 anos

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

5.1.11.

Abandono educativo temperá nas CC.AA. 2007-15 ⁽¹⁾

	Total		Homes		Mulleres	
	2007	2015	2007	2015	2007	2015
	(%)					
Andalucía	37,1	24,9	42,8	28,9	31,2	20,8
Aragón	25,5	19,5	31,4	20,0	19,4	19,0
Asturias	23,1	16,8	30,1	16,0	15,5	17,7
Baleares	42,1	26,7	48,8	31,5	35,0	21,6
Canarias	36,4	21,9	44,6	26,4	27,9	17,5
Cantabria	25,5	10,3	32,2	12,7	18,7	7,8
Castela e León	23,7	16,7	30,2	21,2	16,8	11,9
Castela - A Mancha	37,3	20,8	45,4	23,7	28,7	17,7
Cataluña	31,2	18,9	37,2	21,8	25,1	15,8
C. Valenciana	31,2	21,4	36,6	27,3	25,5	15,4
Extremadura	34,4	24,5	41,2	29,4	27,1	19,4
Galicia	23,5	17,0	33,0	21,9	13,9	11,9
Madrid	25,8	15,6	29,1	20,0	22,5	11,2
Murcia	39,2	23,6	44,9	30,5	33,2	16,4
Navarra	16,3	10,8	19,2	13,1	13,1	8,5
País Vasco	14,3	9,7	18,7	11,9	9,8	7,4
Rioxa	30,6	21,5	34,8	32,4	26,0	10,8
Ceuta e Melilla	48,0	53,9	47,4	32,6	49,1	21,8
Total España	30,8	20,0	36,6	24,0	24,7	15,8
UE-28	14,9	10,9	16,9	12,3	12,8	9,5

(1) poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de ensino secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

5.1.12.

Taxas de idoneidade en Galicia e España no curso 2013-14 ⁽¹⁾

	8 anos	10 anos	12 anos (%)	14 anos	15 anos
Galicia	94,5	90,2	85,7	71,9	63,1
España	93,7	89,5	84,9	71,0	63,6

(1) porcentaxe de alumnos matriculados no curso que lle corresponde pola súa idade

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Las cifras de la educación en España*

● 5.1.13.

sica. No último curso, os alumnos matriculados no segundo curso ascenden en Galicia a 1.821 persoas, o que representa o 7,4% do total estatal. Atendendo á súa distribución segundo centros públicos e privados, o peso relativo do alumnado nos centros públicos pasa do 81,9% ao 93% entre os dous cursos considerados.

Unha forma de valorar de xeito indirecto os resultados do sistema educativo é observando o nivel educativo da poboación. Segundo as estimacións publicadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a partir dos datos da Enquisa de Poboación Activa, o 44,7% da poboación entre 25 e 64 anos ten unha formación inferior á 2ª etapa de educación secundaria (ESO), sendo esta porcentaxe superior á media española (42,6%) e á media da Unión Europea, que se sitúa no 23,5%. Nembargante, no que respecta á poboación coa segunda etapa de educación secundaria completada ou con estudos superiores, o **cadro 5.1.11.** reflicte que as porcentaxes en Galicia están por debaixo da media europea, mentres que en comparación co conxunto do Estado, Galicia presenta un nivel similar no caso da poboación con estudos superiores e inferior en relación á 2ª etapa da ESO.

Un indicador fundamental na avaliación do sistema educativo é o abandono educativo prematuro, que se define como a porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que non completou a segunda etapa de ensino secundario e non segue ningún tipo de formación. A taxa de abandono educativo en Galicia sitúase no ano 2015 no 17%, tres puntos menos que a media estatal pero moi superior

á media da UE-28 (10,9%) e á sinalada na Estratexia Europa 2020 que é do 15%. Como reflicte o **cadro 5.1.12.**, Galicia sitúase como a oitava Comunidade Autónoma con menor abandono educativo temperá.

O **cadro 5.1.13.** mostra as taxas de idoneidade, entendida como a porcentaxe de alumnos que cursarían a etapa educativa coa idade teórica correspondente. Os datos referidos ao curso 2013-14, último dato dispoñible, indican que entre os oito e quince anos as taxas de idoneidade van descendendo dende o 94,5% aos oito anos ata o 63,1% aos quince, o que indica que case o 37% dos alumnos galegos de quince anos non están matriculados no cuarto curso da ESO que lle correspondería por idade. Galicia sitúase lixeiramente por riba da media estatal na taxa de idoneidade para alumnos de oito a catorce anos.

Bolsas e axudas

As bolsas e axudas no ámbito da educación son un elemento básico no fomento da igualdade de oportunidades, da equidade e da conciliación familiar.

O número de bolsas e axudas concedidas en Galicia no curso 2013-14 (último dato dispoñible) ascendeu a 309.396, o que supón un incremento superior ao 18% en relación ao curso anterior (case 48.500 bolsas e axudas máis). O **cadro 5.1.14.** indica que o 66,2% das bolsas e axudas concedidas destinouse ás ensinanzas obrigatorias, educación infantil e educación especial fronte ao 17,1% destinadas ás ensinanzas universitarias e o 16,7% restante ás ensinanzas post-obrigatorias non

Bolseiros, bolsas e axudas concedidas e importe das axudas 2013-14: distribución segundo ensino e administración financiadora


	España			Galicia			Galicia / España		
	Todas Admóns.	Admón. Central	CC.AA.	Todas Admóns.	Admón. Central	Admón. CC.AA.	Todas Admóns.	Admón. Central (%)	Admón. CC.AA.
Bolseiros	1.977.723	942.028	1.035.695	256.198	54.494	201.704	13,0	5,8	19,5
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	1.023.034	139.858	883.176	201.916	10.144	191.772	19,7	7,3	21,7
E. postobligatorias non universitarias	407.531	329.309	78.222	28.986	21.184	7.802	7,1	6,4	10,0
E. universitarias	547.158	472.861	74.297	25.296	23.166	2.130	4,6	4,9	2,9
Bolsas e axudas	3.034.329	1.764.557	1.269.772	309.396	106.661	202.735	10,2	6,0	16,0
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	1.272.504	190.174	1.082.330	204.943	13.168	191.775	16,1	6,9	17,7
E. postobligatorias non universitarias	750.456	664.703	85.753	51.634	43.161	8.473	6,9	6,5	9,9
E. universitarias	1.011.369	909.680	101.689	52.819	50.332	2.487	5,2	5,5	2,4
Importe (millóns de euros)	1.899,4	1.444,5	454,8	138,8	88,1	50,8	7,3	6,1	11,2
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	402,7	77,6	325,1	54,5	7,7	46,8	13,5	10,0	14,4
E. postobligatorias non universitarias	539,4	481,7	57,7	31,7	30,2	1,5	5,9	6,3	2,6
E. universitarias	957,3	885,3	72,0	52,6	50,1	2,5	5,5	5,7	3,4

(1) Considéranse bolsas ou axudas as transferencias destinadas a estudantes/fogares, ben directas ou canalizadas a través de institucións educativas, pagos en especie e reducións de prezos, que teñen por finalidade ben incentivar a iniciar ou proseguir os estudos axudando a sufragar os gastos derivados dos mesmos, ou ben recompensar un excelente rendemento académico. Non se inclúen as axudas individualizadas por servizos complementarios (transporte, comedor e internado) que as Administracións educativas prestan de forma gratuíta por imperativo legal a aqueles alumnos de educación básica (educación primaria, ESO e educación especial) a causa da súa escolarización nun municipio distinto ao da súa residencia.

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Recursos económicos: bolsas y ayudas al estudio*

5.1.14.

Peso relativo do número de bolseiros, bolsas e axudas e importe das axudas concedidas en Galicia no total estatal 2006-14



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Recursos económicos: bolsas y ayudas al estudio*

5.1.15.

universitarias. O número de bolseiros incrementouse case un 28% para alcanzar as 256.198 persoas, das que o 78,8% cursan ensinanzas obrigatorias, educación infantil ou especial, mentres que as ensinanzas post-obrigatorias non universitarias e as ensinanzas universitarias representarían un 11,3% e un 9,9%, respectivamente.

Ao longo dos últimos anos, o peso relativo do número de bolsas, bolseiros e importe das axudas galegas no total estatal mantén a súa tendencia á alza. Dunha banda, Galicia acolle o 13% dos bolseiros no conxunto do Estado e o 10,2% das bolsas e axudas, sendo esta porcentaxe do 7,3% no que se refire ao importe das mesmas. Comparado

Programa de libros de texto 2014-15 e 2015-16 ⁽¹⁾

	centros acollidos ao programa	Curso 2014-15				centros acollidos ao programa	Curso 2015-16			
		alumnado beneficiario					alumnado beneficiario			
		Total	E. Primaria (3º e 4º)	ESO (2º e 4º)	Educación especial		Total	E. Primaria (1º, 2º, 4º e 6º)	ESO (1º e 3º)	Educación especial
Total	1.146	144.474	86.499	56.653	1.322	1.107	89.365	58.399	29.619	1.347
A Coruña	440	59.733	36.044	23.202	487	423	37.234	24.440	12.277	517
Lugo	157	14.674	8.606	5.959	109	155	8.803	5.784	2.915	104
Ourense	141	14.071	8.392	5.557	122	139	8.473	5.586	2.759	128
Pontevedra	408	55.996	33.457	21.935	604	390	34.855	22.589	11.668	598

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Datos e cifras do ensino non universitario

● 5.1.16.

Centros públicos con servizos de comedor 2014-16 ⁽¹⁾: distribución segundo modalidade de xestión

	Curso 2014-15						Curso 2015-16					
	Total	Consellería de Educación			ANPAS	Concellos	Total	Consellería de Educación			ANPAS	Concellos
		Total	xestión directa (propio centro)	xestión indirecta (empresas)				Total	xestión directa (propio centro)	xestión indirecta (empresas)		
Total	608	431	302	129	143	34	613	435	302	133	136	42
A Coruña	193	120	92	28	49	24	199	121	92	29	48	30
Lugo	115	111	86	25	4	0	115	111	86	25	3	1
Ourense	111	101	68	33	9	1	110	99	68	31	9	2
Pontevedra	189	99	56	43	81	9	189	104	56	48	76	9

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Datos e cifras do ensino non universitario

● 5.1.17.

co rexistrado no curso 2008-09, cómpre resaltar o forte incremento experimentado no caso dos bolseiros cuxa importancia relativa pasa do 2,4% ata o devandito 13% do último curso do que se dispón de datos, en tanto que caso das bolsas pásase do 3,3% ata o 10,2% no curso 2013-14.

Tras o incremento do número de beneficiarios do programa de axudas de libros de texto rexistrado no curso 2014-15, as estimacións para o curso 2015-16 recollidas no **cadro 5.1.16.** reflicten un descenso de máis de 55.000 beneficiarios (38,1%). Esta caída explícase polo acceso ao denominado Fondo solidario de libro de texto, formado cos libros adquiridos con cargo ás axudas para a adquisición de libros no curso anterior e coas achegas voluntarias de libros cedidos ao Fondo. O alumnado beneficiado do

devandito Fondo ascendeu a 65.030 alumnos, dos que 33.542 corresponden a alumnos de educación primaria e os restantes 31.488 a alumnos da ESO.

Esta redución do número de beneficiarios de axudas para a adquisición de libros prodúcese nas catro provincias galegas, con porcentaxes en torno ao 40% nas provincias de Lugo e Ourense, e lixeiramente superiores ao 37,5% en A Coruña e Pontevedra. No concernente ao número de centros acollidos a este programa, o devandito **cadro 5.1.16.** amosa que no último curso acolléronse un total de 1.107 cursos, 39 menos que no ano anterior.

Dos 89.365 alumnos estimados beneficiarios das axudas para adquisición dos libros de texto, 58.399 corresponden a alumnos de

Centros públicos con servizos de transporte 2014-16 ⁽¹⁾

	Curso 2014-15	Curso 2015-16
Total	784	784
A Coruña	275	275
Lugo	126	126
Ourense	100	100
Pontevedra	283	283

(1) datos curso 2015-16 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

● 5.1.18.

educación primaria e 29.619, a alumnos de ESO. Tendo en conta a devandita diferenciación entre axudas para a adquisición de libros e o acceso ao Fondo solidario, o descenso do número de centros sostidos con fondos públicos que contan con alumnado escolarizado nos cursos e niveis de aplicación das axudas para a petición de libros de texto rexístrase nas catro provincias, sendo o máis acusado tanto en termos absolutos como relativos o de Pontevedra, con 18 centros menos (-4,4%), por diante de A Coruña, con 17 centros menos (3,9%).

Xunto ás becas e axudas, outro aspecto fundamental no ámbito da conciliación é a existencia nos centros educativos dos servizos de comedor e transporte escolar. Tal e como mostra o **cadro 5.1.17.**, o número de centros públicos con servizos de comedor ascende no curso 2015-16 a 613 (cinco centros máis que no curso anterior), dos que a metade están xestionados directamente polos propios centros (302), seguidos dos xestionados polas ANPAS (136) e daqueles xestionados pola Consellería de forma indirecta (133). En relación ao curso anterior cómpre destacar o incremento do número de centros xestionados polos concellos, que pasa de 34 no curso 2014-15 aos 42 do último curso.

O número de prazas de comedor escolar para o curso 2015-16 nos centros públicos galegos estímase que ascende a 72.106, das que 11.797 corresponden aos comedo-

res xestionados polas ANPAS e polos concellos.

No que respecta ao servizo de transporte para o curso 2014-15, o **cadro 5.1.18.** mostra que Galicia mantén o número de centros públicos con este servizo nos 784, estimándose o número de usuarios deste servizo na rede pública de ensinanza en 93.190 persoas.

Ensinanzas non universitarias de réxime especial

As ensinanzas de réxime especial abranguen as ensinanzas artísticas (ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, estudos superiores de deseño, estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais, ensinanzas de arte dramática, ensinanzas de música e ensinanzas de danza), ensinanzas de idiomas e ensinanzas deportivas.

No curso 2015-16 había en Galicia un total de 45.454 alumnos que cursan estudos englobados dentro das ensinanzas de réxime especial (271 máis que no curso anterior), dos que 33.775 realizan estudos nas escolas oficiais de idiomas (35 persoas máis), 10.928 alumnos estudos artísticos (156 alumnos máis) e 751 cursan ensinanzas deportivas (80 máis).

Entre os cursos de idiomas, o inglés segue a ser o que ten maior número de alumnos,

Alumnado nos centros de ensino de réxime especial 2014-15 e 2015-16 ⁽¹⁾

	2014-15	2015-16
Ensinanzas artísticas	10.772	10.928
Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño	704	726
Estudios superiores de deseño	770	794
Estudios superiores de conservación e restauración de bens culturais	77	76
Ensinanzas de arte dramática	149	143
Ensinanzas regradas de música	8.704	8.807
Ensinanzas regradas de danza	368	382
Ensinanzas de idiomas	33.740	33.775
Ensinanzas deportivas	671	751
Grado medio	575	657
Grado superior	96	94
Total	45.183	45.454

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

● 5.1.19.

con 22.938 persoas, seguido polo francés, con 3.949, e o alemán, con 2.634 alumnos. No caso das ensinanzas artísticas, destacan as ensinanzas regradas de música, fundamentalmente nos conservatorios, con 8.807 alumnos (7.701 nos conservatorios e 1.096 nos centros autorizados de música).

Educación universitaria

O sistema universitario galego volve a presentar unha redución do seu alumnado. No curso 2014-15 o número de alumnos matriculados en 1º e 2º ciclo, así como en estudos de graos e masters (**cadro 5.1.20.**) descendeu en Galicia un 2,9% (1.824 alumnos menos), acadando os 60.990 estudantes. Ao igual que no ano anterior, a caída do número de alumnos rexístrase nas universidades de Santiago (-580 alumnos) e A Coruña (-789), e Vigo (-455). A extinción de plans de estudos no 1º e 2º ciclo e a implantación dos novos plans de estudos de grao produce unha forte redución nas matrículas universitarias de 1º e 2º ciclo, que non se ve compensada polo incremento de matriculacións tanto nos estudos de grao como nos dos másters.

A Universidade de Santiago de Compostela segue sendo a de maior número de alumnos, con 22.982 persoas, o 37,7% dos universitarios galegos, seguida pola de Vigo,

19.693 alumnos (32,3%) e a de A Coruña, con 18.315 alumnos (30% do total).

O 44,4% dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas, seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, que acoñen o 23,7% dos alumnos, e as ciencias da saúde, cun 16%.

No que ao acceso ao grao nas universidades públicas presenciais se refire, Galicia presenta no curso 2015-16 unhas taxas de ocupación e adecuación superiores á media española, a diferenza do que acontece no caso da taxa de preferencia. Dunha banda, a relación entre matrículas de novo ingreso por prescrición e o número de prazas ofertadas (taxa ocupación) ascendeu en Galicia ata o 93,8%, case 4 puntos porcentuais por riba da media española, mentres que a relación entre matrícula de novo ingreso en primeira opción e a matrícula total de novo ingreso (taxa de adecuación) foi do 78,6%, case tres puntos superior á do conxunto do Estado. Doutra banda, o indicador da demanda, medido como a porcentaxe entre a demanda e o número de prazas ofertadas (taxa de preferencia), sitúase en Galicia no 142% fronte ao 152,7% do sistema universitario español.

A taxa de escolarización universitaria, entendida como a porcentaxe de estudantes

Alumnado matriculado nas universidades no curso 2015-16 ⁽¹⁾: distribución segundo ramas de ensinanza

1er e 2º ciclo				
	Total	UDC	USC	U Vigo
Total	2.794	1.521	397	876
Artes e humanidades	49	24	8	17
Ciencias	78	27	6	45
Ciencias da saúde	252	-	252	-
Ciencias sociais	487	275	69	143
Enxeñaría e arquitectura	1.928	1.195	62	671
Graos				
	Total	UDC	USC	U Vigo
Total	52.549	15.184	20.648	16.717
Artes e humanidades	4.436	596	2.315	1.525
Ciencias	4.163	742	2.269	1.152
Ciencias da saúde	9.069	1.460	6.507	1.102
Ciencias sociais	23.669	7.490	8.119	8.060
Enxeñaría e arquitectura	11.212	4.896	1.438	4.878
Masters				
	Total	UDC	USC	U Vigo
Total	5.647	1.610	1.937	2.100
Artes e humanidades	501	45	229	227
Ciencias	474	129	172	173
Ciencias da saúde	442	104	338	-
Ciencias sociais	2.912	819	948	1.145
Enxeñaría e arquitectura	1.318	513	250	555

(1) datos de avance

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.1.20.

Alumnado matriculado nas universidades 2008-15 ⁽¹⁾

	Cursos						
	2008-09	2009-10	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15
Graos e 1º e 2º ciclo	65.561	65.860	64.988	63.200	61.671	59.353	55.322
Másters oficiais	2.078	3.731	4.720	4.743	4.893	5.501	5.566

(1) datos do curso 2014-15 son avances

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.1.21.

de 18 a 24 anos matriculados no 1º ou 2º ciclo e graos sobre a poboación total desa idade, non só se mantén en Galicia por baixo da media estatal senón que tamén se incrementa lixeiramente o diferencial existente no curso anterior. No curso 2014-15 esta taxa sitúase en Galicia no 27,6%, tres puntos e medio inferior á media española. Comparado co resto das CC.AA., o **cadro 5.1.22.** reflicte que a galega é a que presenta a oitava menor taxa neta de escolarización universitaria.

No conxunto das universidades galegas, o **cadro 5.1.23.** amosa que no curso 2015-16 están matriculados 1.148 alumnos de nacionalidade estranxeira, un 5,3% menos que no ano anterior, dos que o 42% son de países comunitarios. A Universidade de Santiago de Compostela é a que recibe maior número de alumnos estranxeiros ao acoller ao 55% dos alumnos matriculados (646 alumnos). O devandito descenso no sistema universitario galego explícase pola diminución de estudantes estranxeiros na USC e

**Taxa neta de escolarización na universidade nas CC.AA.
2013-15 ⁽¹⁾**

	Curso 2013-14	Curso 2014-15
Andalucía (2)	26,2	27,0
Aragón	29,2	30,4
Asturias	28,8	29,9
Baleares	11,4	11,7
Canarias	18,5	18,9
Cantabria	22,9	23,5
Castela-A Mancha	12,8	12,8
Castela e León	36,4	37,8
Cataluña	29,2	31,0
C. Valenciana	29,6	31,2
Extremadura	18,4	19,0
Galicia	26,0	27,6
Madrid	44,0	46,8
Murcia	28,4	30,0
Navarra	32,4	33,4
País Vasco	33,5	36,1
A Ríoxa	15,5	16,2
Total	29,4	31,1

(1) estudantes de 18-24 anos en ensinanzas de 1º-2º ciclo e graos / poboación total 18-24 anos; datos provisionais

(2) A poboación de Ceuta e Melilla está incluída en Andalucía

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Datos y cifras del sistema universitario español*

5.1.22.

	Total		UDC		USC		Uvigo	
	Total	UE-27	Total	UE-27	Total	UE-27	Total	UE-27
1º e 2º ciclo	66	32	8	2	51	28	7	2
Graos	697	368	119	33	415	289	163	46
Másteres	385	82	58	25	160	28	167	29

(1) datos de avance

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadísticas universitarias*

5.1.23.

UDC (42 e 36 alumnos menos, respectivamente) en tanto que na UVIGO están matriculados 13 alumnos estranxeiros máis.

No que atinxe á mobilidade de estudantes entre as distintas CC.AA. no acceso á universidade, en xeral obsérvanse baixos niveis de mobilidade. En Galicia, no curso 2015-16 o 66,7% dos alumnos matricúlanse nas universidades galegas, sendo Madrid e Castela e León os outros destinos principais, co 6,2% e o 2,1%, respectivamente.

No que respecta á mobilidade dos estudan-

tes universitarios cara a terceiros países, no curso 2013-14 (último dato dispoñible) saíron a cursar estudos no estranxeiro cunha beca Erasmus un total de 1.863 estudantes galegos, o 5% do total estatal. Tras un descenso do 8,9% Galicia mantense como a sétima Comunidade cun maior volume de saídas asociadas ao citado programa Erasmus.

O **cadro 5.1.26.** reflicte como no curso 2014-15, o persoal docente e investigador nas universidades galegas ascendía a 5.255 persoas, das que o 55,5% pertencía ao

Mobilidade de estudantes no curso 2013-14 nas CC.AA: programa Erasmus ⁽¹⁾

	Total	Institucións de orixe		
		Universidades	Artísticas	FP - Grao superior
Andalucía	7.390	7.144	71	175
Aragón	1.186	1.012	25	149
Asturias	812	709	18	85
Baleares	244	164	28	52
Canarias	1.005	824	45	136
Cantabria	359	308	-	51
Castela-A Mancha	644	459	20	165
Castela e León	2.215	2.005	82	128
Cataluña	5.332	4.938	101	293
C. Valenciana	4.581	4.283	116	182
Extremadura	589	506	9	74
Galicia	1.863	1.560	36	267
Madrid	7.039	6.475	53	511
Murcia	981	860	45	76
Navarra	586	543	1	42
Pais Vasco	2.196	1.557	33	606
A Ríoxa	141	86	18	37

(1) saídas de estudantes

Fonte: Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación, *Anuario estadístico Programa Erasmus*

5.1.24.

Mobilidade de estudantes en Galicia e España 2009-14: programa Erasmus ⁽¹⁾

	Cursos				
	2009-10	2010-11	2011-12	2012-13	2013-2014
Galicia	1.483	1.919	1.863	2.046	1.863
España	31.158	36.183	39.545	39.249	37.230

(1) saídas de estudantes

Fonte: Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación, *Anuario estadístico Programa Erasmus*

5.1.25.

Personal docente e investigador nas universidades 2010-15 ⁽¹⁾

	Cursos				
	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-2015
Corpo docente funcionario	3.101	3.076	3.070	2.981	2.919
Profesorado contratado	2.515	2.182	2.294	1.931	2.336
contrato indefinido	778	668	854	720	876
contrato de duración determinada	1.738	1.514	1.412	1.211	1.460
Total personal docente e investigador	5.642	5.258	5.364	4.912	5.255

(1) datos relativos únicamente a centros propios das Universidades

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de personal de las universidades*

5.1.26.

corpo docente funcionario. O 44,5% restante correspóndese con profesorado contratado, dos que case o 63% teñen un contrato de duración determinada. En relación ao curso anterior, o persoal docente investigador medra un 6,4% (313 persoas) por mor do incremento do profesorado contratado, tanto indefinido (156 persoas) como de duración determinada (249 profesores).

A presenza española nas clasificacións de excelencia universitaria internacionais é case nula. Así no ano 2015 só unha universidade española (a Universitat de Barcelona) mantense entre as posicións 151-200 do ranking da clasificación de Shangái. En Galicia a USC é a única representada no dito ranking entre o posto 401 e 500. 